

2025-2026
INFANTIL E PRIMARIA

CALENDARIO COMPETENCIAL





Mosteiro de Aciveiro. Concello de Forcarei

Setembro 2025

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

Blancanieves; Hechizados (Netflix); Flow, un mundo que salvar

PROPOSTAS DE LITERATURA INFANTIL E PRIMARIA

A princesa con traseiro en chamas, Beach; Feriópolis, Leticia Costas; Circo, Rosa Ureña Plaza; Bichopoemas y otras bestias, Leire Bilbao

PROPOSTAS DE CINE PARA PERSOAS MAIORES

La virgen roja (Prime); La infiltrada (Netflix); Across the Wide Missouri, William A. Wellman (1951)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

Detective Ferruchi, Marta Villar; O albatros negro, María Oruña; La niña del sombrero azul, Ana Lena

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
1 Describir as principais características do aparello respiratorio, dixestivo, locomotor ou circulatorio explicando as súas funcións	2 Escribir palabras fermosas e agochalas en lugares da casa para que cando se atopen sexa unha gran sorpresa	3 Indagar sobre os prezos dos alimentos e crear a planificación de gasto	4 Crear un <i>podcast</i> argumentativo sobre alimentación Localizar e fotografar carteis que leven palabras e contar o número destas	5 Deseñar as normas básicas de convivencia do fogar	6 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	7 Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes e localizala no mapa da provincia
8 Identificar e recoñecer as características das plantas da contorna e tratar de clasificalas con criterios científicos para crear un documental, vídeo ou póster	9 Crear un problema matemático con datos do fogar empregando as medidas de capacidade ou lonxitude Colaborar na elaboración dun xantar ou dunha cea que leve peixe ou legumes e gravar o proceso	10 Conversar sobre a enfermidade de Alzheimer e como axudar	11 Cear coa televisión apagada, conversar sobre o uso abusivo do coche e do móbil e buscar estratexias para modificar a situación Identificar e fotografar nun supermercado as diferentes seccións: peixería, carnicería, froitería...	12 Realizar unha colaxe con imaxes dos membros da familia	13 Subir propostas de literatura, cine e música a unha canle de YouTube, redes sociais e blog ou web do centro	14 Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar
15 Elaborar unha auditoría a partir dunha lista de alimentos caducados ou a piques de caducar	16 Indagar sobre a recollida selectiva do lixo e crear un póster-mapa cognitivo explicando como se realiza e as cores empregadas nos recipientes Clasificar os alimentos pola súa tipoloxía (lácteos, froitas, verduras, bebidas etc.) e crear un informe oral sobre os alimentos non saudables	17 Conversar e argumentar sobre os principais avances da ciencia e da tecnoloxía, identificando riscos e beneficios	18 Deseñar un maratón familiar de palabras en inglés sobre temática aberta ou pechada Crear unha cuña publicitaria sobre unha película ou serie na que aparezan animais	19 Conversar en familia sobre actividades ou manifestacións culturais da zona e as preferencias de cadaquén	20 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cocinar en familia, gravación e publicitación da receita. Acudir á biblioteca para ler ou buscar libros	21 Fotografar pontes da contorna
22 Indagar sobre o funcionamento de diferentes aparellos, obxectos ou máquinas que se empreguen no fogar e as precaucións que hai que tomar para usalos	23 Visionar unha película ou un capítulo dunha serie en lingua inglesa con subtítulos Xogo do vexo-vexo con obxectos que haxa polos diferentes cuartos da casa	24 Cea sen televisión e conversa sobre o beneficio dunha alimentación saudable	25 Buscar, analizar e comentar información sobre a fauna da zona, o hábitat natural e as problemáticas existentes na contorna Crear un problema matemático empregando posicións no espazo (enriba, debaixo, dentro...)	26 Analizar e valorar as facturas do teléfono, da luz, do gas... e buscar estratexias para reducir o seu consumo	27 Crear e realizar en familia encrucillados, <i>sudokus</i> , sopas de letras ou participar en xogos de mesa (Laberinto mágico, Cubbirds, Cortex, Dobble, Railroad, Quickstop ...)	28 Crear <i>podcast</i> /cuñas para divulgar patrimonio natural, cultural, inmaterial ...
29 Analizar os gastos do mes e buscar estratexias de aforro Conversar sobre a insustibilidade da industria téxtil	30 Describir as prendas que levan os membros da familia					



Castelo de Sobroso. Concello de Mondariz

Outubro 2025

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

Bluey; Lilo & Stitch; Wallace y Gromit

PROPOSTAS DE LITERATURA

Diario de Greg, Jeff Kinney; A vaca que subiu a unha árbore, Gemma Merino
Los días liebre, Clara López; Poetízate, Fran Alonso

PROPOSTAS DE CINE PARA PERSOAS MAIORES

El 47, Marcel Barrena; Weiss & Morales (RTVE);
Vivre sa vie, Jean-Luc Godard (1962); O home tranquilo, John Ford (1952)
Shichinin no samurai, Akira Kurosawa (1954)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

Persépolis, Marjane Satrapi; Mirafiori, Manuel Jabois

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
		1 Planificar actividades de lecer en familia para o mes Indagar sobre os prezos dos alimentos e crear a planificación de gastos en alimentos do mes	2 Crear unha receita para o libro de receitas familiar e gravala con axuda da familia para a canle de YouTube creada Expresar en inglés como te sentes (<i>I am happy/sad...</i>)	3 Realizar conversas telefónicas en inglés con familiares e amizades Crear un <i>podcast</i> sobre algún ecosistema da contorna (charca, bosque, litoral, cidade...)	4 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	5 Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes e localizala no mapa da provincia
6 Investigar sobre os diferentes billetes e moedas de países da Unión Europea e de países que non forman parte dela	7 Indagar sobre o mundo das plantas e fungos e elaborar un informe Recompilar cancións favoritas e argumentar os motivos	8 Indagar sobre a existencia de poliedros e corpos redondos (prisma, pirámide, cilindro, cono, esfera...) en edificacións da contorna ou do mundo identificando lados, vértices, caras, ángulos e arestas	9 Cear coa televisión apagada e conversar sobre o consumo de enerxía de aparellos, máquinas e obxectos do fogar Crear unha cabaza terrorífica con nome e inventar unha historia entre toda a familia	10 Indagar sobre os ingredientes dos alimentos en lingua inglesa e identificar a súa correspondencia co galego ou co castelán Elixir e ler varias páxinas dun libro escrito por mulleres	11 Subir propostas de literatura, cine e música a unha canle de YouTube, redes sociais e blog ou web do centro	12 Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar
13 Crear diferentes gráficas ou táboas de consumo de alimentos saudables no fogar Crear un poema descritivo no que aparezan paisaxes da contorna	14 Crear un informe oral, gráfico ou escrito con entrevistas sobre profesións relacionadas co mundo agrícola Contar cada día ata dez en galego, en castelán e en inglés: <i>one, two, three, four, five...</i>	15 Conversar en familia e propoñer desafíos para unha sociedade sostible	16 Conversar xuntos sobre conflitos entre os membros da familia e como se puideron solucionar de forma positiva Fotografar árbores de folia caída de diferentes tamaños e cores	17 Indagar en familia sobre as zonas do planeta con maior índice de pobreza argumentando as causas e crear un informe oral, gráfico ou escrito Acudir á biblioteca para ler ou buscar libros	18 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cociñar en familia, gravación e publicación da receita Acudir á biblioteca para ler ou buscar libros	19 Fotografar lavadoiros da contorna
20 Indagar sobre os accidentes de tráfico valorando e argumentando as posibles causas e consecuencias e crear un informe oral, gráfico ou escrito	21 Explorar as posibilidades sonoras e expresivas da contorna, do corpo, instrumentos, dispositivos electrónicos... Elixir a páxina dunha revista ou folleto, cortar en catro ou cinco anacos e montar de novo	22 Indagar sobre o nome de animais en lingua inglesa e rexistrálos Analizar e valorar o desvío dos gastos do mes e argumentar solucións	23 Conversar en familia sobre aspectos que se poden mellorar no traballo desenvolvido durante o mes Preguntarlle á familia vocabulario relacionado con Halloween: <i>black cat, witch, spider, bat, pumpkin, skeleton</i> etc.	24 Crear unha cuña publicitaria expositiva para convidar a cidadanía a unha festa de Samaín ou a un magosto familiar destacando a importancia da festa nun informe oral, gráfico ou escrito	25 Crear e realizar en familia crucillados, <i>sudokus</i> , sopas de letras ou participar en xogos de mesa (Laberinto mágico, Cubbirds, Cortex, Dobble, Railroad, Quickstop ...)	26 Crear <i>podcast</i> ou cuñas para divulgar patrimonio natural, cultural, inmaterial ...
27 Realizar un maratón de cálculo mental en familia Enumerar dez libros escritos por mulleres	28 Analizar e interpretar planos ou maquetas de cinco cidades de Europa Elixir cinco fotografías da familia, explicar os motivos da elección e realizar unha colaxe	29 Buscar personaxes infantís femininos en libros identificando o seu rol na historia e crear un proxecto audiovisual	30 Crear unha historia coa biografía das mulleres rurais da familia	31 Ver en familia o video <i>Knock Knock, Trick or Treat</i> sobre Halloween en supersimplesongs.com		



Castro Landín. Concello de Cuntis

Novembro 2025

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

Dog Man; *Mi amigo el pingüino*; *Robot salvaje*; *Arthur*

PROPOSTAS DE LITERATURA

Algo pasa en la casa del lobo, Susanna Isern e Ayesha L. Rubio
A galiña que non quería poñer ovos, Séverine de la Croix e Antho Signol;
Arroz con leche, Natalí Tentori

PROPOSTAS DE CINE PARA PERSOAS MAIORES

Marco, Aitor Arregi Galdós e Jon Garaño; *El caso Asunta* (Netflix);
Four Faces West, Alfred E. Green (1948)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

Maus, Art Spiegelman; *Cuando la tormenta pase*, Manel Loureiro

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
					1 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra.	2 Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes e localizala no mapa da provincia
3 Elixir unha escultura dedicada ás mulleres e elaborar a nosa propia interpretación en arxila	4 Explicar o proceso de evaporación ou disolución e crear un informe oral, gráfico ou escrito Crear un informe oral ou gráfico sobre enfermidades	5 Contar un chiste breve na túa lingua. Despois tratar de contar o mesmo chiste en inglés Crear mandalas con flores, follas, pedras... e describilas	6 Conversar e pensar en familia sobre situacións da vida cotiá nas que podemos utilizar unha multiplicación Inventar, escribir e ilustrar entre varios membros da familia unha historia a partir de ilustracións de contos	7 Reflexionar sobre os dereitos e deberes das nenas e nenos de Galicia e redactar un decálogo	8 Subir propostas de literatura, cine e música a unha canle de YouTube, redes sociais e blog ou web do centro	9 Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar
10 Inventar un conto ou unha historia que teña como protagonista unha nena ou un neno doutro país e crealo en Story Jumper Crear un retrato persoal co título en inglés e escribir as partes do corpo nesa lingua	11 Inventar unha poesía, gravala co móbil e enviarlla a unha muller importante para ti a través do correo electrónico, dunha postal ou do WhatsApp Localizar palabras maiúsculas en folletos, revistas, xornais...	12 Deseñar e elaborar un cartel dixital co decálogo de dereitos e deberes para imprimilo e pegar polo concello no Día Universal da Infancia	13 Buscar en internet obras de arte dedicadas ás mulleres (pintura, escultura...) e reflexionar sobre o que representan Fotografar as caras dos membros da familia expresando medo, alegría, susto e enfado e realizar unha composición	14 Conversar en inglés durante a cea Seleccionar unha banda sonora con letra en inglés para usar como música de ambiente durante a cea	15 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cociñar en familia, gravación e publicación da receita Acudir á biblioteca para ler ou buscar libros	16 Fotografar fontes da contorna
17 Indagar sobre as unidades de relevo máis importantes da túa zona para realizar un audio Crear un <i>podcast</i> sobre alimentación sostible	18 Recompilar información, analízala e facer unha gráfica do tempo atmosférico no mes de novembro no noso concello cun procesador de textos Atopar obxectos das seguintes cores: <i>red, green, yellow, blue</i>	19 Escribir frases positivas para os nosos familiares e pegalas no frigorífico	20 Fotografar unha paisaxe que represente o mes de novembro e argumentar a elección Crear e resolver un problema matemático empregando elementos do outono e do maísto	21 Conversar durante a cea sobre a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de mulleres e homes e crear un informe	22 Crear e realizar en familia encrucillados, <i>sudokus</i> , sopas de letras ou participar en xogos de mesa (Laberinto mágico, Cubbirds, Cortex, Dobble, Railroad, Quickstop ...)	23 Crear <i>podcast</i> ou cuñas para divulgar patrimonio natural, cultural, inmaterial ...
24 Fotografar unha paisaxe onde apareza a choiva e poñerlle un título a esa fotografía	25 Buscar na contorna árbores con follas e sen follas, fotografalas e realizar un <i>dossier</i> fotográfico	26 Deseñar e elaborar un bodegón natural con froitos de outono Inventar un poema, un decálogo ou unha rima	27 Conversar en familia sobre as causas do éxodo rural ou a emigración e crear un <i>podcast</i> Realizar unha serie con obxectos do fogar explicando os atributos establecidos (tamaño, textura, cor, forma...)	28 Buscar figuras cadradas, triangulares e circulares da contorna e elaborar un rexistro de cada unha	29 Revisar os medicamentos que hai na casa e comprobar para que serven	30 Analizar o relevo da zona e crear un documento con imaxes



Ruta da Pedra e da Auga. Concello de Ribadumia

Decembro 2025

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

Cleo y Cuquín; Amigos imaginarios; Zootrópolis

PROPOSTAS DE LITERATURA

A rebelión da lectura, Fran Alonso e Chus Rojo; *El hilo invisible*, Miriam Tirado
La casa en el árbol, Andy Griffiths; *Nube con forma de nube*; Cecilia Pisos

PROPOSTAS DE CINE PARA PERSOAS MAIORES

Flow, un mundo que salvar; *Lume* (2025);
River of No Return, Otto Preminger (1954); *Montana Belle*, Allan Dwan (1952)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

Ata que a morte nos separe, Elena Gallego Abad;
Asasinato na casa rosa, Arantza Portabales

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
1 Elaborar a receita e gravala para integrar na canle de YouTube Crear un <i>podcast</i> sobre alimentación típica do Nadal no mundo	2 Elaborar unha guía de lectura sobre o conto lido. Por que o recomendas? Que ten de interesante? Pensar e atopar palabras que empecen por un fonema ou unha letra determinada	3 Gravar audios para felicitarlles o Nadal ás amizades e membros da familia Colaborar co banco de alimentos decidindo con que tipo de alimento	4 Indagar sobre o significado dos elementos característicos do Nadal Deseñar algunha receita para o Nadal	5 Buscar información en Internet: que é a Constitución? Para que vale? Que nos di? e crear un informe oral, gráfico ou escrito	6 Subir propostas de literatura, cine e música a unha canle de YouTube, redes sociais e blog ou web do centro	7 Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes e localizala no mapa da provincia
8 Deseñar un pequeno agasallo feito con masa de modelar de papel de refugallo para regalar no Nadal, comprando o material necesario. Deseñar e decorar o agasallo	9 Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar Crear un centro de Nadal con follas secas, pólas de árbores etc.	10 Reflexionar en familia sobre o significado do Nadal no mundo e os sentimentos que se producen en cada membro da unidade familiar e crear un informe oral, gráfico ou escrito	11 Crear unha felicitación de Nadal en inglés, galego e castelán Crear unha cuña publicitaria para darlle á cidadanía a benvida ao ano 2026	12 Conversar en familia que foi o que máis nos gustou deste ano que acaba e que nos gustaría para o ano que comeza	13 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cociñar en familia, gravación e publicación da receita Acudir á biblioteca para ler ou buscar libros	14 Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar
15 Propoñer una sobremesa para a cea de Noiteboa, redactar a lista da compra e realizala coa familia	16 Ler ou crear unha historia coa temática do Nadal Pensar e atopar palabras de dúas e tres sílabas seguindo esta orde, coma, por exemplo, mesa, zapato...	17 Crear unha táboa de exercicios para os diferentes membros da familia	18 Buscar e ver en familia vídeos ou películas en inglés Localizar as cinco fotografías familiares máis fermosas do ano e crear un libro rexistro de imaxes	19 Conversar en familia. Que día é hoxe? Por que é especial? Que nos fai sentir?	20 Crear e realizar en familia crucillados, <i>sudokus</i> , sopas de letras ou participar en xogos de mesa (Laberinto mágico, Cubirds, Cortex, Dobble, Railroad, Quickstop ...)	21 Fotografar árbores senlleiras
22 Crear un decálogo de vantaxes dos vehículos eléctricos Crear mensaxes de Nadal para familiares e amigos	23 Felicitarlles as festas de Nadal ás amizades a través do correo postal, do correo electrónico, do WhatsApp e das redes sociais Chamar a familiares por teléfono, contarlle o que se fixo durante o día e felicitarlle o Nadal	24 Crear <i>podcast</i> ou cuñas para felicitar o Nadal	25 Buscar receitas que poidamos facer para aproveitar as sobras das comidas do Nadal e colaborar na súa elaboración Realizar retratos de familia	26 Planificar en familia a cea de fin de ano e o xantar de Aninovo	27 Analizar a carteleira de cine e realizar unha valoración para animar o público a ver unha película	28 Colaborar na organización da festa familiar e na elaboración do menú
29 Crear un <i>podcast</i> sobre receitas con améndoas Crear un audio con desexos ou retos para o ano 2026	30 Consensuar un premio ou castigo para os membros da familia que usen ben ou mal a auga	31 Colaborar na preparación da cea e da mesa da noite de fin de ano e conversar sobre o día que é, por que é especial e que nos fai sentir				



A serra do Cando. Capela de Santa Mariña. Concello da Lama

Xaneiro 2026

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

Bibopalula; *Wildwood*; *Paddington 3*

PROPOSTAS DE LITERATURA

Escuela de Monstruos, Sally Rippin; *Polina, la pulga*, Leticia R. Gancedo e Mar Ferrero
Cantas pingas na cidade!, Eva Montanari; *Lo que saben los erizos*, Beatriz Oses
Isto non é unha selva; Susanna Isern e Rocío Bonilla

PROPOSTAS DE CINE PARA PERSOAS MAIORES

La sustancia, Coralie Fargeat; *La vida breve* (Movistar)
Montana Belle, Allan Dwan (1952)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

Ítaca, María Besteiros; *O souto dos catro ventos*, María Oruña

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
			1 Ver debuxos animados en familia facendo comentarios e identificando o nome das e dos protagonistas	2 Crear un canal de YouTube familiar para publicar e deseñar receitas de cociña ou elaborar un libro de receitas	3 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	4 Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes e localizala no mapa da provincia
5 Fotografar as plantas que hai na casa, no xardín ou na leira, identificalas co seu nome e escribilo nunha etiqueta para poñer no testeo	6 Cear coa televisión apagada e conversar sobre inventos útiles para a vida familiar e doméstica Identificar os obxectos da cociña, dicir o seu nome e describir o seu uso	7 Escribir en inglés as emocións que sentes: <i>I feel sad/happy/angry/bored...</i> Crear en familia un quebracabezas	8 Cocinar en familia unha torta de froita ou amendoa e gravalas Escoller un anuncio de televisión no que aparezan persoas e comentalo na cea	9 Crear un <i>podcast</i> sobre alimentación saudable facendo fincapé na sostiabilidade e alimentos de proximidade	10 Subir propostas de literatura, cine e música a unha canle de YouTube, redes sociais e blog ou web do centro	11 Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar
12 Elaborar unha lista da compra coas cousas que se precisan para facer unha torta de froita ou de amendoa. Mercar os alimentos	13 Seleccionar, limpar e empaquetar xogos e xoguets que xa non usemos para doalos a unha ONG Ler un conto e gravar un audio contándolles a familiares	14 Realizar unha videoconferencia para falar con familiares	15 Escribir palabras ou frases máxicas de agarimo para cada membro da familia e pegalas na porta do frigorífico (quérote, gústame falar contigo etc.)	16 Cocinar en familia escribindo e grabando a receita do biscoito de limón e colaborar na súa preparación. Pesas os ingredientes e elaborar o biscoito	17 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cocinar en familia, gravación e publicación da receita Acudir á biblioteca para ler ou buscar libros	18 Fotografar relevos da contorna
19 Auditoría: elaborar unha lista con todos os aparellos e máquinas que hai na casa e a súa utilidade Crear e realizar en familia encrucillados, <i>sudokus</i> ou sopas de letras	20 Crear unha táboa para rexistrar os días de sol, chuvia, nublados, de treboada... e cada mes realizar unha gráfica Identificar obxectos que sirvan para a hixiene persoal e dicir o seu nome	21 Sacarlles fotos a sinais de tráfico preto da casa e identificar a súa utilidade Separar o lixo para reciclar e levalo ao colector	22 Buscar a receita dos <i>pancakes</i> típicos do Reino Unido e escribir os ingredientes en inglés Crear unha cuña publicitaria con desexos de paz	23 Identificar figuras planas na arquitectura: rectángulo, cadrado, romboide, rombo, triángulo, trapecio	24 Crear e realizar en familia encrucillados, <i>sudokus</i> , sopas de letras ou participar en xogos de mesa (Laberinto mágico, Cubes, Cortex, Dobble, Railroad, Quickstop ...)	25 Crear <i>podcast</i> ou cuñas para divulgar patrimonio natural, cultural, inmaterial ...
26 Xogar en familia ao xadrez e ás damas Crear un decálogo sobre a conservación dos ecosistemas terrestres	27 Resumir oralmente dúas páxinas dun libro Realizar unha árbore xenealóxica con fotos da familia asociando nomes e tipos de parentesco	28 Indagar sobre as mulleres que recibiron o Premio Nobel da Paz e explicalo nun documental, póster, <i>podcast</i> , vídeo de YouTube...	29 Consultar o tempo e escribilo en inglés: <i>today it's sunny/rainy/cold...</i> Escribir as rutinas do día en inglés: <i>wake up, have a shower, have breakfast...</i>	30 Crear unha cuña publicitaria argumentando e expoñendo os valores da convivencia e a paz	31 Reflexionar sobre accións para garantir a paz e que deberían promover os gobernos Indagar e recompilar patrimonio inmaterial: lendas	



Redondelo. Concello das Neves

Febreiro 2026

NOTAS

PROPOSTAS DE CINE

Del revés 2; Vaiana 2; Arthur

PROPOSTAS DE LITERATURA

Feroz, o lobo, Margarita del Mazo e Leire Salaberria;
Camiños sen nome, Anna Castagnoli; *Miña nai é unha bruxa*, Elena García;
Donde nace la noche, Laura Forchetti; *Cartas en el bosque*, Susanna Isern

PROPOSTAS DE CINE PARA PERSOAS MAIORES

Cónclave (E. Berger); *Los años nuevos* (Movistar);
O gran combate, John Ford (1964); *Río Conchos*, Gordon Douglas (1964)

PROPOSTAS DE LITERATURA PARA PERSOAS MAIORES

Herba, Keum Suk Gendry-Kim; *Algúns contos completos*, Domingo Villar

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
						1 Indagar sobre a imaxe que aparece neste mes e localizala no mapa da provincia
2 Realizar unha actividade física en familia: pasear, andar, remar, andar en bicicleta... Crear un <i>podcast</i> sobre alimentación	3 Indagar sobre os prezos dos alimentos e planificar gastos en alimentos do mes Pensar e atopar palabras que teñan dúas, tres ou catro sílabas. Exemplos: casa, floreiro, papeleira...	4 Describir verbalmente as distintas estancias da casa Rexistrar os días de chuvia do mes	5 Cociñar orellas e filloas en familia escribindo e gravando as receitas Localizar obxectos cadrados e pequenos polo fogar ou pola rúa	6 Indagar e crear un informe oral ou gráfico sobre a tradición do Entroido na contorna	7 Deseñar a planificación mensual de tarefas corresponsables que se realizarán no fogar, de menús saudables e da lista da compra	8 Analizar e reflexionar sobre o consumo familiar
9 Ir á cociña e traducir o nome de catro útiles de cociña ao inglés Escribirlle a cada membro da familia nunha nota adhesiva unha frase positiva para poñer na neveira	10 Recortar dunha revista cinco disfraces que nos gusten e crear un novo para o Entroido Coller un folleto de disfraces, realizar unha descrición, elixir catro e argumentar os motivos da preferencia	11 Elaborar unha lista con todos os teléfonos e correos electrónicos dos membros da familia	12 Indagar e argumentar sobre as causas do envellecemento da poboación Facer unha lista de palabras que empecen ou rematen por unha letra determinada (n, a, o, s etc.)	13 Facer un bingo cos deportes en parellas Inventar problemas matemáticos empregando contidos como números e operacións, xeometría, estatística...	14 Subir propostas de literatura, cine e música a unha canle de YouTube, redes sociais e blog ou web do centro	15 Fotografar patrimonio escultórico
16 Sacarlles fotos a todas as plan-tas que atopemos para facer un rexistro cos seus nomes	17 Xogar ás palabras encadeadas en familia con palabras de tres sílabas Ler ou mirar un conto e contar-llo a unha amiga ou amigo a través dun audio	18 Crear un mural coas normas de convivencia da familia Identificar desigualdades no desenvolvemento de tarefas domésticas entre os membros	19 Durante a cea, conversar sobre o que nos gusta de cada membro da familia Crear un <i>podcast</i> sobre a última película ou capítulo de serie visionada	20 Crear e resolver un problema contextualizado empregando tres operacións matemáticas Indagar e recompilar patrimonio inmaterial: adiviñas, receitas, refráns...	21 Tempo de ler en familia. Cine en familia. Club de lectura familiar. Cociñar en familia, gravación e publicación da receita Acudir á biblioteca para ler ou buscar libros	22 Crear <i>podcast</i> ou cuñas para divulgar patrimonio natural, cultural, inmaterial...
